

CONVOCATORIA INTERNA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

A Agrupación Estratéxica de Física Fundamental e Aplicacións na Tecnoloxía e a Saúde (AEFIS) abre unha convocatoria interna de proxectos de investigación co fin de impulsar as áreas estratéxicas definidas na proposta inicial aprobada pola Xunta de Galicia en 2015. Aínda que a Axenda Investigadora da Agrupación e o correspondente Plano Estratéxico se encontran en elaboración, parece razoable, dados os prazos e as restricións que impón a execución por anualidades dos orzamentos, realizar esta convocatoria para que os distintos grupos e investigadores propoñan liñas de investigación a ser financiadas pola Agrupación.

OBXECTIVOS

O obxectivo da presente convocatoria é o financiamento de proxectos de investigación en marcha, ou novos, promovidos por membros da Agrupación Estratéxica de Física. O financiamento recibido deberá ser executado durante o ano 2016 e antes do fin do período de xustificación da anualidade.

Un obxectivo importante desta primeira convocatoria interna de proxectos será o establecemento de novas liñas de investigación, que inclúan a varios membros da agrupación con especializacións complementarias, co fin de facilitar a creación de actividades científicas comúns a varios grupos da AEFIS.

Contemplase, así mesmo, nesta primeira convocatoria, unha dotación mínima dun 25% para Seed Grants: axudas destinadas a aquelas propostas presentadas que signifiquen unha liña completamente nova, pero de alto valor estratéxico, para a que se considere que se debe dar un apoio inicial que a faga despegar.

IMPORTE DAS AXUDAS

O importe máximo de todas as axudas non superará os 120.000 Euros. Esta convocatoria non impón restricións a cada acción individual proposta que deberá presentar un orzamento equilibrado para os fins que se perseguen e a capacidade de financiamento da Agrupación. O cofinanciamento de parte das accións por parte dos grupos implicados será valorado positivamente.

SOLICITUDE

As solicitudes, en formato libre, incluírán os Obxectivos Científicos, e un **breve resumo** do State of the Art e a Metodoloxía proposta – máximo 2 páxinas en total. O orzamento solicitado e os investigadores/grupos implicados deberá ser detallado con claridade e posto no contexto da Agrupación e da evolución da liña de investigación no medio/longo prazo – máximo 2 páxinas. Un aliñamento cos obxectivos estratéxicos plantexados na Agrupación será tamén explicitada ou, no seu caso, a proposta dun novo obxectivo que poida ser incluído no Plano Estratéxico en desenvolvemento.

A natureza dos proxectos non terá restricións e pode referirse tanto a investigación teórica, experimental, aplicada, transferencia de tecnoloxía, divulgación científica, comunicación, etc.

As propostas serán presentadas por un investigador principal e enviadas por correo electrónico a adela.penas@usc.es antes do día 12 de Xullo de 2016.

RESOLUCIÓN

Os proxectos serán examinados polo Steering Committee que poderá consultar cos investigadores propoñentes sobre as cuestións que consideren oportunas para a súa avaliación. O Steering Committee decidirá a distribución orzamentaria de cada proxecto dentro das limitacións mencionadas máis arriba.

En Santiago de Compostela, 20 xuño 2016

O DIRECTOR CIENTÍFICO



Asdo.: Carlos A. Salgado López

O DIR. CIENTÍFICO ADXUNTO



Asdo.: Manuel Vázquez Ramallo